

## EGAP: CONVOCATORIA CURSOS TIC, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS

Santiago de Compostela 10/03/25

Publicada a [Resolución pola que se convocan cursos sobre tecnoloxías da información e da comunicación \(TIC\), administración electrónica e protección de datos para o persoal ao servizo da Admón. xeral da C.A. de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional e do persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.](#)

As actividades formativas figuran no anexo II, e deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

### Requisitos das persoas participantes:

Poderá participar:

- O persoal empregado público destinado en:
  - Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Entidades públicas instrumentais.
  - Administración institucional.
  - Persoal empregado público e persoas que integran as bolsas de interinos dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial da Administración de xustiza dependente da C.A. de Galicia.
- Que se encontre en:
  - Situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria.
- Está exceptuado:
  - Persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
  - Persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
  - Persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Lei 17/1989.

### Desenvolvemento das actividades de formación

- Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria.
- A **información** relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web: <https://egap.xunta.gal>.

### Solicitudes e prazos

- **Prazo solicitudes: dende o 8 ata o 14 de marzo.**
- As solicitudes **só poderán realizarse** mediante o **formulario de matrícula telemática** dispoñible no enderezo : <https://egap.xunta.gal/matricula> desde as **9.00** horas da **data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 14:00** horas da **data de finalización**.
- **Número máximo de cursos que se poden solicitar: 3**

